



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUIR Á TRABALLADORA SOCIAL EN SITUACIÓN DE ILT.

1.- OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de Traballador/a social en réxime laboral temporal, para substituír á actual traballadora social en situación de ILT.

A contratación é como persoal laboral temporal a xornada completa. A modalidade será de contrato de interinidade por substitución. O contrato estará condicionado á situación de baixa da referida traballadora.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 30/1984 do 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública modificada pola Lei 22/1993 de 29 de decembro; na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real Decreto lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; no Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da Administración local; no Decreto 95/1991 do 20 de marzo aprobatorio do Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; no Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e na Lei 7/2007 de 12 de abril pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e nas demais disposicións aplicables e concordantes; Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e nas demais disposicións aplicables e concordantes.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as previstas na vixente lexislación, así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e que garden relación coa súa función principal:

- Atención e información a aquelas persoas que acudan aos Servizos Sociais.
- Derivación a outros recursos se é necesario.
- Tramitación, gravación, valoración e seguimento en Dependencia.
- Coordinación do SAF municipal (altas e baixas, programación, coordinación coa entidade adjudicataria do Servizo, control de horas...)
- Estar ao corrente das novidades relativas á Servizos Sociais, así como dos programas informáticos relativos a Servizos Sociais.
- Tramitación das subvencións asinadas ao servizo.





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

As funcións detalladas teñen un carácter enunciativo, podendo serlle asignadas calquera outras propias da súa categoría profesional e funcións.

3.- PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas na páxina web (www.concelloribasdesil.es), na Sede Electrónica do concello (<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal>) e no Taboleiro de Anuncios municipal. O anuncio indicativo deste procedemento de selección publicárase na Sede Electrónica do concello.

4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico.
- d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas; nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas nin estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- e) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir B1.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

5.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As instancias, dirixidas ao Sr. Alcalde, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 09:00-14:00 ou electronicamente a través da Sede Electrónica do concello





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

(<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal>), durante o prazo de **cinco (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio do proceso selectivo na sede electrónica do Concello de Ribas de Sil.

Tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante correo electrónico (concelloribasdesil@gmail.com), durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude de participación (Anexo I), achegarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas (Anexo II).
- Copia do certificado do título de diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social.
- Copia de documentación que acredite outros méritos que poden ser considerados de interese; tendo en conta que non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento da presentación da instancia.

MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

A instancia deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos méritos: os/as candidatos/as deberán presentar os seus méritos xunto coa instancia, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se presentaron, informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal), ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.
- Copia da/s titulacións/s, cursos, etc.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditara resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, dispoñendo do prazo de tres días para subsanar os defectos que motivaron a exclusión.

Na mesma resolución determinarase a data da reunión do tribunal cualificador para a valoración de méritos e da entrevista curricular.





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un funcionario o persoal laboral fixo .
- Secretario: O Secretario do Concello de Ribas de Sil ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Tres funcionarios ou persoal laboral fixo.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección dos/as aspirantes será o de concurso.

Puntuación máxima total: 20 puntos.

7.1.- TITULACIONES:

Será obrigatorio posuír o título de diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social.

7.2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL :

MÁXIMO 10 PUNTOS

- Por experiencia profesional na administración local como Traballador/a Social: 0,5 puntos por mes traballado.
 - Por experiencia profesional en outras administracións distintas da local, entidades privadas ou outras entidades de iniciativa social como Traballador/a Social: 0,25 puntos por mes traballado.
- Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

Acreditarase mediante certificación do organismo correspondente ou copia do contrato de traballo pero sempre que se acompañe do informe de vida laboral.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

7.3.- FORMACIÓN, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ó que se opta, valorarase a formación nas materias propias do posto.

MÁXIMO: 5 PUNTOS.





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

- Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso.
- Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Valórase a participación, como alumno, en cursos, seminarios, congresos ou xornadas de formación ou perfeccionamento, sobre materias exclusiva e directamente relacionadas coas funcións encomendadas ao posto a cubrir, sempre que se trate de accións formativas organizadas: Por unha Administración Pública Por unha Universidade. Por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais. Por Institución Sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas. Acreditaranse mediante a presentación de diploma ou certificación expedir pola Administración, Organismo ou Institución que houber impartido o curso, seminario, congreso ou xornada, ou que resulte competente para a súa expedición. En ningún caso valoraranse accións formativas impartidas por entidades privadas, distintas ás enunciadas.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado. Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo non se valorarán, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares. A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, copias simples.

7.4.- ENTREVISTA CURRICULAR:

MÁXIMO: 5 PUNTOS.

Os/as aspirantes deberán contestar a preguntas formuladas polos membros do órgano de selección, valorándose principalmente a aptitude, actitude e dispoñibilidade para o emprego que se convoca.

A entrevista puntuarase, a criterio ponderado do órgano de selección, ata un **máximo de 5 puntos.**

8.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento da puntuación obtida no proceso





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

selectivo, propoñendo a proposta de nomeamento ao candidato/a que obtivera a maior puntuación, quedando os/as demais en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia e se persiste o empate á maior puntuación por formación.

O Tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor de máis dun aspirante, por ser unha a praza para a que se formula esta convocatoria.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo presidente da corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador.

O/a aspirante seleccionado/a, no prazo de tres días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das actividades correspondentes ao posto que se optou.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.

9.- BOLSA DE RESERVA

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal adoptará o acordo propoñendo as persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para esta categoría ordenadas de maior a menor puntuación obtida na sede electrónica do Concello.

Dita proposta do Tribunal elevarase á Alcaldía, ou órgano competente por delegación, para que dite a resolución aprobando a creación da bolsa de emprego temporal.

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados nestas bases.

Cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir supostos de ausencia da traballadora social por ILT ou permisos correspondentes, entón acudirán a dita bolsa.

A) Cobertura de vacantes

1º) Os chamamentos levaranse a cabo mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:30 e as 14:30 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico. Se non se tivera resposta en ningunha das tres chamadas nin ao correo electrónico, considerarase realizado o chamamento.





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número/os de teléfono e dirección de correo electrónico).

2.º) A aceptación da oferta efectuarase mediante chamada telefónica, ou o envío dun correo electrónico ao Concello, antes das 14:30 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

O/a traballador/a municipal que os realice fará constar mediante dilixencia a realización e resultado obtido dos chamamentos efectuados e do correo electrónico enviado.

De manifestar a súa disposición, requirirase á persoa aspirante para que proceda a tomar posesión ou asinar o contrato, segundo proceda, no prazo que se sinala, debendo achegar con carácter previo a documentación contida nestas bases.

A duración desta bolsa será de máximo o da Incapacidade Temporal da Traballadora Social titular da praza e permisos posteriores cos límites temporais dos mesmos.

10.- INCIDENCIAS

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, se ben con carácter potestativo poderase interpor, ante o mesmo órgano que ditou este acto, recurso de reposición no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da referida publicación, sen poder simultanear ambos. Aínda que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso ou acción que se estime pertinente.

En Ribas de Sil,
O Alcalde,

Asdo.- Miguel Ángel Sotuela Vega

Documento asinado dixitalmente á marxe.

